

A HISTORIA DO RAINBOW WARRIOR

Texto e ilustracións de ROCÍO MARTÍNEZ

Tradución de LAURA ALMAZÁN

Encadernado en cartón. 27 x 21 cm. 36 páx. 15 €

- SELECCIÓN 'OS MELLORES' (Banco do Libro de Venezuela) - 2010

- PLAN NACIONAL DE LECTURA (PNL Portugal)

A historia do Rainbow Warrior (galego)

ISBN 978-84-8464-671-6. Fóra de colección

La historia del Rainbow Warrior (castelán)

ISBN 978-84-96388-44-4. Fuera de colección

La història del Rainbow Warrior (catalán)

ISBN 978-84-8464-915-1. Kalandraka

História do Rainbow Warrior (portugués)

ISBN 978-972-8781-90-3. Livros para sonhar.

Dúas baleas nadaban nun mar xeado.

A máis pequena lacazaneaba.

Non quería facer unha viaxe que con toda seguridade sería longa.

A máis grande empurrábaa suavemente e cantáballe unha historia:

«Hai anos, cando os homes comezaron a construír barcos de corazón mecánico, un día crearon o primeiro para protexer a nosa especie...»


En 1978 un barco coas cores do arco da vella comezou a sucar os mares e océanos para denunciar a caza indiscriminada de baleas e de focas, a contaminación provocada polos residuos tóxicos e radiactivos, as explotacións petrolíferas e de gas, o uso de redes mortíferas para especies mariñas indefensas...

Houbo países sensibles a esas protestas e aprobaron leis que axudaron a que o mundo fose máis habitable. Pasaron 21 anos dende que aquel primeiro Rainbow Warrior fose afundido no fondo das augas e convertido en arrecife artificial. A súa réplica actual mantén a súa causa tan vixente coma o primeiro día.

Rocío Martínez ideou este libro a partir da recreación dunha escena familiar: o ecoloxista Alberto de la Fuente Galeano contáballe á súa filla a historia do buque, que debe o seu nome a unha profecía dos indios Cree: "Chegará un tempo no que os paxaros caerán do ceo, os animais dos bosques morrerán, o mar ennegrecerá e os ríos correrán envelenados. Nese tempo, homes de todas as razas e poblos uniránse como guerreiros do arco da vella para loitar contra a destrución da Terra".

Greenpeace aprobou a realización da obra e certificou que cumpre os requisitos do proxecto "Libro Amigo dos Bosques", porque na súa elaboración utilizouse papel fabricado a partir de madeira procedente de plantacións ambientalmente sostibles.

Dende o punto de vista estético, Rocío Martínez amosou neste traballo unha evolución cualitativa na súa traxectoria artística, con imaxes de moita plasticidade, cun manexo elegante da cor e cunha gran delicadeza de trazos.



■ **Temática:** historia do barco Rainbow Warrior.

■ **Idade recomendada:** a partir de 5 anos.

■ **Aspectos destacables:** contén mural despregable coa historia do barco; certificado ecolóxico "Libro Amigo dos Bosques"; ecoloxía, educación ambiental, biodiversidade, sostibilidade ambiental; da autora de "Gato Guille e os monstros" e ilustradora de "O monstro de Ricardo".


Rocío Martínez

(Madrid, 1966)

Licenciada en Belas Artes (San Fernando, Madrid). Dende 1990 dedícase profesionalmente á ilustración de libros infantís e xuvenís, con editoras españolas e estranxeiras. En 1999 comezou a publicar tamén como autora; algúns títulos seus foron traducidos a varias linguas. Recibiu o Premio A la orilla del viento 2006 e o Premio Cabildo de Gran Canaria 2010, entre outros. A súa obra foi recomendada pola SEP de México, o Banco do Libro de Venezuela e a selección The White Ravens. Participou na Bienal de Ilustración de Bratislava e na Feira Internacional do Libro Infantil de Boloña.

<http://www.rociomartinez.es>

<http://rociomartinezilustracion.blogspot.com.es>



www. **Kalandraka** .com

comunicacion@kalandraka.com